

BALANCE DE TRÁFICO

A pesar de que a tendencia xeral no ámbito nacional foi este verán a de reducir o número de accidentes graves en estrada, "Abogacía en Accidentes" destaca que as cifras da provincia volven poñer a Pontevedra á cabeza no ranking deste tipo

de sinistros. Deste xeito, facendo unha comparativa, o número de vítimas mortais na provincia en xullo e agosto é cinco veces superior ás rexistradas en Madrid. Este despacho considera que a tarefa de reducir a siniestralidade é complicada

debido ás características específicas da provincia, que conta cunha poboación moi dispersa, estradas secundarias en mal estado, unha alta porcentaxe de condutores de avanzada idade e unha gran permisividade con temas como o alcol.

Un estudo coloca a Pontevedra á cabeza en accidentes graves durante a época estival

En termos comparativos o número de vítimas mortais supera cinco veces o rexistrado en Madrid

TERESA MURÁN / PONTEVEDRA

■ A siniestralidade nas estradas da provincia durante a época de verán sitúa un ano máis a Pontevedra na cabeza do ranking.

Dende "Abogacía de Accidentes" aseguran que a análise dos informes e datos publicados veñen a confirmar que as Rías Baixas teñen o índice récord en accidentes de tráfico durante os meses de xullo e agosto.

Dende a Administración destacan que os accidentes en carretera durante os últimos anos fóronse reduciendo progresivamente. Pero esta tendencia alentadora, aplicable ao conxunto do territorio nacional non o é en igual medida en todas as provincias.

De feito, a posición de Pontevedra durante os meses de verán segue a ser, para este despacho multidisciplinar, claramente negativa, cunha siniestralidade superior á media.

Así, Galicia e, en particular, Pontevedra, incrementaron o número de accidentes graves.

Deste xeito, en termos comparativos, dende "Abogacía de Accidentes" apuntan que o número de vítimas mortais de Pontevedra é o dobre que o de Andalucía e ata cinco veces o de Madrid.

Dende este despacho valoran como positiva a redución xeral de siniestralidade.

Nembargantes, obxetan que o



O estudo apunta que Pontevedra está á cabeza en número de accidentes de tráfico graves.

desenro do accidentalidade se lo-grase, primordialmente, pola aplicación de medidas de natureza "coercitiva", é dicir, a través de sancións administrativas e xudiciais promovidas pola Dirección General de Tráfico e o propio Ministerio del Interior.

Así, refrenase a accións como a retirada de puntos, a suspensión temporal ou definitiva das autorizacións para conducir ou penas

privativas de liberdade en determinados supostos.

Por outra banda, aseguran que as características específicas da provincia fan difícil a tarefa de reducir a siniestralidade. Así, refrenase á súa orografía, climatoloxía, idade avanzada dun alto porcentaxe de condutores ou mal estado das vías de comunicación secundarias e do rural.

Do mesmo xeito, fan alusión a

hábitos arraigados na sociedade como a permisividade absoluta do consumo de alcol.

Así, dende "Abogacía de Accidentes" apuntan pola posta en marcha de actuacións a longo prazo que pasan, esencialmente, pola formación integral dos futuros usuarios das estradas dende as súas idades máis temperás no colexio, na casa e a través dos medios de comunicación.

Fomento mellorará a seguridade vial en nove tramos de estradas estatais

TM. / PONTEVEDRA

■ O Ministerio de Fomento vén de licitar o contrato de asistencia técnica para a execución de operacións de conservación e explotación en varias estradas da provincia por un importe de case quince millóns de euros.

O obxectivo da actuación é o de mellorar o servizo e aumentar a seguridade vial.

Entre os traballos que se realizarán atópanse os servizos de comunicacións, de vixilancia, atención de accidentes, sinalización viaria, alumeadado e semaforización, entre outros.

Do mesmo xeito, realizaranse outro tipo de labores que contribuirán a mellorar a seguridade vial como traballos de desbroce, fresados e reposición do firme, limpeza de cunetas e labores de conservación.

En total serán nove os lugares nos que se realizarán estas actuacións, incluíndo os tramos re-siduals utilizados como camiños, vías de servizo e vías de titularidade estatal.